



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su contestación por escrito relativas a la exclusión del Puerto de Vigo de las inversiones del Gobierno para el periodo 2025-2030 en los puertos del Corredor Atlántico integrados en la Red Transeuropea de Transportes TEN-T y medidas para corregir esa exclusión.**

El Ministerio de Transportes ha anunciado una inversión de 3.143 millones de euros para el periodo 2025-2030 para los puertos del Corredor Atlántico que se integran en la Red Transeuropea de Transporte (RTE-T). Sin embargo, incomprensiblemente, el puerto de Vigo ha sido excluido como puerto nodal de la Red Transeuropea de Transporte y, ahora, también quedará fuera del plan de inversiones del Ministerio para el Corredor Atlántico en el próximo lustro, sin tener en cuenta su importancia, así como su destacada actividad pesquera, económica, industrial y comercial.

Dejar al puerto de Vigo fuera de la consideración como puerto nodal es una discriminación flagrante al constituir uno de los principales puertos del Estado. Con esta decisión, quedará excluido de la financiación comunitaria y se pondrá en peligro la posibilidad de acometer infraestructuras fundamentales para el mejor desarrollo de la actividad portuaria, como el nuevo punto de inspección fronteriza de Guíxar, la mejora de los atraques de la terminal de Bouzas, la estación ferroviaria de PLISAN o el segundo silo de vehículos. La marginación del puerto de Vigo supondrá una pérdida de competitividad y lastrará sus posibilidades como uno de los principales motores económicos de Galicia.

El puerto de Vigo debería incluirse en los mapas europeos como infraestructura nodal. Hay que tener en cuenta que en 2024 el puerto de Vigo registró 5,7 millones de toneladas de descargas, un 18% más que el año anterior. Genera 35.000 empleos directos e indirectos, constituyendo el 20% del PIB de Vigo y su área de influencia. Es también sin duda una de las terminales más importantes de Europa.

Es incomprensible que un puerto estratégico y con un peso logístico tan importante como Vigo sea castigado sin inversión, limitando su modernización, crecimiento y futuro.



El BNG exige al Ministerio de Transportes que corrija cuanto antes esta situación injusta para Vigo y para toda Galicia e integre el puerto de Vigo en el Plan de Inversiones del Corredor Atlántico. Asimismo, es necesario buscar fórmulas o instrumentos de financiación extraordinarios para compensar al Puerto de Vigo tras ser excluido, de momento, como puerto nodal de la Red RTE-T, mientras se dan los pasos necesarios para incorporarlo definitivamente.

Por los motivos expuestos, el BNG plantea las siguientes preguntas dirigidas al Gobierno:

1. ¿Subsanará el Ministerio de Transportes la exclusión discriminatoria e infundada del Puerto de Vigo del Plan de Inversiones anunciado por el Ministerio para los puertos del Corredor Atlántico, estimado en 3.143 millones de euros para el periodo 2025-2030? ¿Está usted dispuesto a incluir el puerto de Vigo en las mencionadas inversiones?
2. ¿Cómo se explica que uno de los principales puertos del Estado en volumen de tráfico de mercancías, actividad pesquera, industrial y económica quede fuera de la programación de inversiones para los próximos cinco años?
3. ¿Está usted de acuerdo en que el Puerto de Vigo se incluya como puerto nodal de la Red Transeuropea de Transporte TEN-T? ¿No cree que esta exclusión dificulta y compromete el desarrollo futuro y la competitividad de una de las terminales más importantes del Estado y de Europa?
4. ¿Defenderá el Gobierno al Puerto de Vigo en Bruselas para que se considere un puerto nodal?
5. ¿Qué mecanismos o instrumentos de financiación extraordinaria habilitará el Ministerio para compensar al Puerto de Vigo por su exclusión de la consideración como puerto nodal de la Red RTE-T?
6. ¿Es usted consciente de que al quedar excluido de las grandes líneas de financiación comunitaria y del Plan de Inversiones del Gobierno, está comprometiendo gravemente la ejecución de las mejoras de infraestructuras previstas como el nuevo puesto de inspección fronterizo de Guixar, los atraques de la terminal de Bouzas, la estación de ferrocarril de PLISAN o el segundo silo de vehículos?



CONGRESO DE
LOS DIPUTADOS



7. ¿Está el Gobierno comprometido con el apoyo a la promoción, modernización, crecimiento y desarrollo del Puerto de Vigo?

Madrid, a 6 de mayo de 2025

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

06 MAY. 2025 17:13:12

Entrada **67420**

Sobre a exclusión do Porto de Vigo dos investimentos do
Goberno para o período 2025-2030

Competencia	Otros Expedientes
Tipo Expediente	300-Escrito en lengua española distinta del castellano, oficial en Comunidad Autónoma (art. 92.1)

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL
Diputado



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas á exclusión do Porto de Vigo dos investimentos do Goberno para o período 2025-2030 nos portos do Corredor Atlántico integrados na Rede Transeuropea de Transportes TEN-T e medidas para corrixir esa exclusión.**

O Ministerio de Transportes anunciou un investimento de 3.143 millóns de euros para o período 2025-2030 destinada aos portos do Corredor Atlántico que están integrados na Rede Transeuropea de Transportes (TEN-T). Porén, incomprensiblemente, o porto de Vigo ficou excluído como porto nodal da Rede Transeuropea de Transporte e, agora, vai tamén quedar fóra do plan de investimentos do Ministerio para o Corredor Atlántico no próximo lustro, sen ter en consideración a súa importancia, así como a súa destacada actividade pesqueira, económica, industrial e comercial.

Deixar o porto de Vigo fóra da consideración de porto nodal é unha flagrante discriminación pois constitúe un dos principais portos do Estado. Con esta decisión, ficará excluído do financiamento comunitario e comprometerase a posibilidade de acometer infraestruturas fundamentais para o mellor desenvolvemento da actividade portuaria, como o novo punto de inspección fronteirizo en Guízar, a mellora das atracadas na terminal de Bouzas, o apeadeiro ferroviario da PLISAN ou o segundo silo de vehículos. A marxinación do porto vigués suporá unha perda de competitividade e lastrará a súa forza tractora como un dos principais motores económicos da Galiza.

O porto de Vigo debera estar incluído nos mapas europeos como unha infraestrutura nodal. Así, no ano 2024 o porto vigués rexistrou 5,7 millóns de

CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

06 MAY. 2025 17:13:12

Entrada **67420**



toneladas de descargas, un 18% máis que no ano anterior. Xera 35.000 empregos directos e indirectos, constituíndo o 20% do PIB de Vigo e da súa área de influencia. É sen dúbida, ademais, unha das terminais máis importantes de Europa.

Non se entende que se castigue un porto estratéxico e cun importante peso loxístico como o de Vigo sen investimentos, limitando a súa modernización, crecemento e futuro.

O BNG reclama que o Ministerio de Transportes corrixa canto antes esta situación inxusta para Vigo e para o conxunto de Galiza e integrar o porto vigués no Plan de Investimentos do Corredor Atlántico. Así mesmo, é preciso buscar fórmulas ou instrumentos de financiamento extraordinarios para compensar ao Porto de Vigo despois de ficar excluído, polo momento, como porto nodal da Rede TEN-T, ao tempo que se realizan as xestións necesarias para que finalmente sexa incorporado.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas dirixidas ao Goberno:

1. Corrixirá o Ministerio de Transportes a discriminatoria e infundada exclusión do Porto de Vigo do Plan de Investimentos anunciado polo Ministerio para os portos do Corredor Atlántico, cifrado en 3.143 millóns de euros para o período 2025-2030? Está disposto a incluír o porto vigués nos citados investimentos?
2. Como se explica que un dos portos principais do Estado en volume de tráfico de mercadorías, actividade pesqueira, industrial e económica fiquen á marxe da programación de investimentos para o próximo lustro?
3. Comparte que o Porto de Vigo debería estar incluído como porto nodal da Rede Transeuropea de Transporte TEN-T? Non cre que esa exclusión lastra e compromete o desenvolvemento futuro e a competitividade dunha das terminais máis importantes do Estado e de Europa?



4. Defenderá o Goberno en Bruxelas que se corrixa esta marxinación e que Vigo sexa considerado porto nodal?
5. Que mecanismos ou instrumentos de financiamento extraordinario vai habilitar o Ministerio para compensar ao Porto de Vigo por quedar fóra da consideración como porto nodal da Rede TEN-T?
6. É consciente de que ao ficar sen as principais liñas de financiamento comunitario e do Plan de Investimentos do Goberno, está se comprometer gravemente a execución das melloras en materia infraestruturas proxectadas como o novo punto de inspección fronteirizo en Guixar, os atraques na terminal de Bouzas, o apeadeiro ferroviario da PLISAN ou o segundo silo de vehículos?
7. Comprométese o Goberno con apoiar o impulso, modernización, crecemento e desenvolvemento do Porto de Vigo?

Madrid, a 6 de maio de 2025

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso